

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026029	IES Isaac Díaz Pardo	Sada	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	32

1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques:

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 1º de ESO os catro bloques concréntanse en nove unidades didácticas

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa.

Este fomento do ensino-aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

No segundo trimestre a atención recaerá nas mensaxes e contidos que se difunden a través dos medios de comunicación e das redes sociais. Ao ser o inicio da adolescencia unha etapa especialmente vulnerable, é moi importante que o alumnado destas idades desenvolva o seu espírito crítico e sexa consciente dos riscos da Rede e do uso dalgúns destes medios co obxectivo de desenvolver unha actitude crítica e responsable fronte ás novas tecnoloxías.

Por último, cómpre salientar que os libros de lectura propostos para cada trimestre abordarán temáticas diferenciadas e insírense en distintos xéneros literarios.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1. Un mundo cheo de linguas	A primeira unidade abordará as linguas no mundo, a importancia da súa conservación e algunhas das súas características principais, como a rexión na que se atopan, o número de falantes. Traballaremos as pautas para as redaccións e comezaremos a falar dos xéneros literarios.	10	10	X		
2	Unidade 2. Augas máxicas	A segunda unidade centrarase nas secuencias textuais descritivas e na descrición de obxectos, elementos da natureza, animais e persoas. Exporanse os trazos máis salientables desta tipoloxía textual e redactaranse descricións (persoas, animais, obxectos, paisaxes) nas que se identifiquen as características propias deste xénero. En canto aos contidos literarios, cumprirá analizar e avaliar a forma e o contido do libro de lectura obrigatoria do trimestre, un poemario, (o sentido global, a temática, os recursos). Por outra banda, o coñecemento das familias lingüísticas do mundo e de trazos básicos dalgunhas linguas, con especial atención ás do alumnado foráneo (as fórmulas de saúdo e despedida, de agradecemento e desculpa e os sistemas de escritura) será o punto de partida para afondar nalgunhas das unidades comunicativas mínimas do galego, concretamente, no son (sistema vocálico e consonántico) e no sistema de escritura (soletreo dos grafemas, dígrafos e regras de acentuación básicas).	10	11	X		
3	Unidade 3. Unha para todos	Esta unidade centrarase no desenvolvemento dun proxecto audiovisual que incluírá, ademais, a abordaxe das secuencias textuais expositivas, co fin de preparar o alumnado para que elabore unha exposición sobre algún dos aspectos máis salientables da unidade. Tamén se proporán outras actuacións como un intercambio físico ou virtual con alumnado dun centro luso, un vídeo de presentación das vilas do alumnado dos dous centros e unha convocatoria dun concurso de Mail Art con mensaxes de felicitación de Nadal.	15	14	X		
4	Unidade 4. Bolboretas no corazón	O inicio ao estudo dalgúns aspectos básicos do éuscaro (localización xeográfica, grafías, fórmulas de saúdo, de despedida e de agradecemento e desculpa) será o contido máis singular da unidade. Non obstante, o	10	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Unidade 4. Bolboretas no corazón	<p>maior protagonismo terano as secuencias textuais narrativas.</p> <p>Aproveitarase o estudo deste tipo de textos para afondar no emprego dos signos de puntuación básicos (punto, coma e dous puntos). En canto á reflexión lingüística, atenderase aos procedementos de organización do discurso (orde de palabras, compoñentes das oracións, conexións entre significados...).</p> <p>A respecto dos contidos literarios, abordarase a análise do libro da narrativa xuvenil actual, e algún fragmento do ámbito lusófono, e recoñeceranse nestes textos as principais características do xénero narrativo. Tamén se estableceran vínculos entre a obra de lectura obrigatoria e aspectos da actualidade, así como con outras manifestacións artísticas e culturais.</p>	10	8		X	
5	Unidade 5. A natureza fala, escóitala?	<p>Nesta unidade, ademais de iniciar o estudo dalgúns trazos básicos do catalán, porase o foco na produción de cartas (formais e informais). Incidirase na revisión e corrección lingüística destas e doutros textos, con especial atención á conxugación verbal e á correlación temporal dos verbos nos discursos relatados. Por outra banda, a reflexión lingüística xirará tamén arredor da incorporación de procedementos que contribúan a enriquecer os textos (precisión léxica, corrección gramatical...) e emendar erros a través de distintos recursos (dicionarios, manuais de consulta, procesadores de texto e correctores ortográficos).</p> <p>A respecto dos contidos literarios, analizarase e avaliarase a forma e o contido do libro de lectura obrigatoria de narrativa xuvenil actual (o sentido global, a temática etc.) e poranse en práctica estratexias para expresar a experiencia lectora e recomendar lecturas, o que se concretará na gravación dun booktráiler sobre a dita obra.</p>	10	12		X	
6	Unidade 6. A lingua vai de viaxe	<p>Esta unidade desenvolverase a través dun proxecto centrado nos xéneros discursivos propios do ámbito social que se difunden nas redes sociais e nos medios de comunicación (mensaxes instantáneas, correos electrónicos, comentarios dun blog, noticias). O obxectivo non só é coñecer as súas características formais, senón tamén analizar os seus contidos desde un punto</p>	10	13		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Unidade 6. A lingua vai de viaxe	<p>de vista crítico. A partir desta análise, o alumnado producirá os seus propios textos, que serán presentados na aula virtual.</p> <p>Entre as actividades que se realizarán está un traballo de investigación sobre as redes sociais no que se responderá a preguntas como: que son?, como se orixinaron?, para que serven?, cales son as súas vantaxes e inconvenientes? etc. Tamén se elaborará un díptico en formato dixital que inclúa información sobre os perigos da Rede e recomendacións para evitalos. Por último, gravaranse pílulas informativas nas que se exemplifiquen e rexeiten usos discriminatorios da linguaxe e abusos a través da palabra.</p>	10	13		X	
7	Unidade 7. Xoguemos coa lingua	<p>O coñecemento e a identificación de fenómenos dialectais característicos da contorna do centro (Sada) será o punto de partida para desterrar posibles prexuizos do alumnado e reflexionar sobre a riqueza lingüística da lingua galega.</p> <p>No entanto, o eixe da unidade serán os xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a súa planificación, textualización, revisión e corrección lingüística de textos en distintos soportes. Realizaranse actividades de subliñado, resumo e esquematización de textos non académicos relacionados coa ecoloxía.</p> <p>A respecto dos contidos literarios, alén de comezar a lectura da obra teatral obrigatoria e dalgún fragmento do ámbito lusófono, tamén se proporá crear, a partir de modelos dados e a través de procedementos de imitación, un álbum ilustrado colectivo no que debe estar presente a temática ambiental.</p> <p>O coñecemento e identificación das principais funcións sintácticas (SUX, PDO, CD, CI e CC) completarán a materia da unidade.</p>	10	9			X
8	Unidade 8. Extra, extra!	<p>Nesta unidade concretaranse algúns prexuizos que lle afectan ao galego, en particular os relativos á utilidade da lingua galega fóra de Galicia. Ademais de abordar as causas que subxacen nesta consideración, cumprirá incidir nos argumentos para contrarrestalos.</p> <p>No que se refire á literatura comentarase e analizarase desde unha perspectiva de xénero o libro de lectura obrigatoria do trimestre (peza teatral). Identificaranse e</p>	10	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Unidade 8. Extra, extra!	<p>cuestionaranse, neste e outros textos, situacións de desigualdade, discriminación, prexuízos, hábitos sexistas etc.</p> <p>En canto á reflexión lingüística a atención estará posta na palabra, na súa forma (mudanzas gramaticais a través de distintos procedementos de formación de palabras) e no seu significado (coñecemento e identificación das categorías gramaticais...).</p> <p>A detección e corrección de castelanismos léxicos frecuentes en textos do ámbito persoal, social e académico tamén será un dos contidos salientables que se tratarán na unidade.</p>	10	8			X
9	Unidade 9. Dalle a volta ao conto!	<p>A última unidade do curso concretarase na revisión do uso do galego na internet. Promoveremos a creación dun proxecto (¿Dalle a volta ao conto?) que aglutine todo o aprendido ao longo das unidades do curso. A actividade servirá para mellorar a lectura expresiva e dramatizada atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados, e contribuirá, asemade, ao desenvolvemento do talento artístico do alumnado.</p> <p>Traballaremos aspectos teóricos (características do xénero dramático, vínculos entre a obra e algúns tópicos literarios).</p> <p>Aa constitución de varios grupos que escenifiquen distintas partes da obra será unha posibilidade, ou ben, se a extensión da peza o permite, poderá ser representada integramente por grupos diferentes. A peza levarase á escena a final de curso para outras compañeiras e compañeiros do centro e/ou tamén para alumnado de primaria.</p>	15	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade 1. Un mundo cheo de linguas	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos	PE	45
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.		
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos	TI	55
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
2	Unidade 2. Augas máxicas	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado sabe identificar, en textos escritos, orais ou multimodais, as características das secuencias textuais descritivas (estrutura, tipos...).	PE	75
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado sabe identificar, en textos escritos, orais ou multimodais, as características das secuencias textuais descritivas (estrutura, tipos...).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende o sentido global (información relevante, intencionalidade...) do libro de poemas de lectura obrigatoria.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) do libro de poemas de lectura obrigatoria.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado acode á biblioteca escolar con motivo da celebración do Día da Biblioteca, selecciona unha obra de acordo cos seus gustos ou preferencias de lectura e explica o motivo da súa escolla.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe soletrear os grafemas e os dígrafos do galego. Tamén sabe aplicar correctamente as regras de acentuación básicas.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza, de acordo coas pautas da tipoloxía descritiva, unha descrición dun obxecto, unha paisaxe, un animal ou unha persoa.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).

UD	Título da UD	Duración
3	Unidade 3. Unha para todos	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado presenta un traballo sobre a lusofonía e os países lusófonos que inclúe as características do sistema ortográfico do portugués e un breve glosario de expresións básicas da vida cotiá.	TI	100
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha exposición oral breve sobre algún tema concreto relacionado cos países lusófonos e identifica no seu borrador a estrutura e características lingüísticas do texto expositivo.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente e seguindo as pautas da cortesía lingüística nas actividades de intercambio co centro luso: encontro virtual, presentación da súa vila, concurso de Mail Art.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado redacta un traballo de investigación ben organizado, empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen erros lingüísticos nin formais salientables (palabras, letras repetidas...).		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado consulta e selecciona, coa axuda do profesorado, a información pertinente para desenvolver a súa exposición, sen copiala textualmente, respectando os dereitos de propiedade intelectual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.

Contidos

- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.

UD	Título da UD	Duración
4	Unidade 4. Bolboretas no corazón	8

Critérios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece algúns aspectos básicos do éuscaro: extensión xeográfica, grafías e algunhas expresións cotiás deste idioma (fórmulas de saúdo e de despedida e de agradecemento e desculpa etc.).	PE	75
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado sabe empregar correctamente e detectar erros relativos ao emprego dos signos de puntuación básicos (punto, coma, dous puntos).		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado sabe establecer vínculos entre a obra de lectura obrigatoria e aspectos da actualidade, así como con outras manifestacións artísticas e culturais.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica algunhas das principais características do xénero narrativo na obra de lectura obrigatoria de narrativa xuvenil actual.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe recoñecer e aplicar algúns procedementos de organización do discurso (orde de palabras, compoñentes das oracións, conexións entre significados...).		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha narración breve sobre un suceso recente na que identifica as principais características das secuencias textuais narrativas (estrutura, elementos...).	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).

UD	Título da UD	Duración
5	Unidade 5. A natureza fala, escóitala?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece algúns aspectos básicos do catalán: localización xeográfica e algunhas expresións cotiás deste idioma (fórmulas de saúdo, despedida, agradecemento e desculpa etc.).	PE	60
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado usa coherentemente as formas verbais e recoñece erros relativos á correlación temporal dos verbos.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar a carta coa axuda do profesorado, detecta problemas léxicos e gramaticais, e é capaz de solucionarlos e explicalos cunha metalinguaxe específica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global (información relevante, a intención do emisor...) do libro de lectura obrigatoria da narrativa xuvenil actual.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado utiliza axeitadamente dicionarios, manuais de gramática e correctores ortográficos para emendar erros lingüísticos básicos.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado escíbelle unha carta formal ao autor ou autora da obra de lectura obrigatoria. No texto emprega o rexistro adecuado, mantén a coherencia e respecta as convencións do xénero.	TI	40
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) do libro de narrativa xuvenil actual e expresa a súa opinión a través da gravación dun booktráiler.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
6	Unidade 6. A lingua vai de viaxe	13

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado producirá textos sinxelos dirixidos a unha entidade social (mensaxaría, correo electrónico, comentario nun blog) segundo as pautas características destes textos.	TI	100
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa nun traballo de investigación colectivo sobre as redes sociais (orixe, tipos...) con boa actitude e empregando estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado elabora un díptico en formato dixital que inclúe información sobre os riscos da Rede e as recomendacións que se deben seguir para evitalos.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado grava pílulas informativas nas que, con exemplos concretos, denuncia e rexeita usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e abusos a través da palabra.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado utiliza o léxico preciso e enriquece o vocabulario dos seus traballos con axuda de dicionarios, tanto en soporte analóxico como dixital.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado, logo de contrastar con axuda do profesorado varias versións dunha mesma noticia, redacta a súa propia versión, respectando os principios de propiedade intelectual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
7	Unidade 7. Xoguemos coa lingua	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica algúns trazos dialectais da súa área lingüística (seseo, gheada...) e valora estes fenómenos como mostra da riqueza do galego.	PE	85
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, logo de subliñar as ideas principais dun texto de temática ambiental, redacta un resumo da información máis salientable e elabora un esquema dos contidos tratados.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado reconece e explica erros léxicos, gramaticais e ortográficos coa axuda de dicionarios e de manuais de consulta en textos escritos e multimodais dados do ámbito persoal, social e académico.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Logo de valorar a forma e o contido do borrador do álbum ilustrado colectivo, o alumnado debe empregar procedementos comunicativos para melloralo e emendar o que for preciso.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe redactar correctamente oracións simples e localizar nelas as frases e funcións sintácticas principais (SUX, PDO, CD, CI e CC).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa un texto dado e soluciona problemas lingüísticos coa axuda dicionarios, de manuais de gramática e de correctores ortográficos, en soporte analóxico e dixital.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado elabora, a partir de modelos dados, unha páxina do álbum ilustrado colectivo sobre temática ambiental (mudanza climática, protección animal etc.).	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Tema 1	<p>Logo da avaliación inicial que se realizará os primeiros días do curso, continuarase co coñecemento iniciado en primeiro de ESO das categorías básicas, o substantivo e o verbo.</p> <p>Afondarase na literatura oral, o conto popular e as súas características. Fárase práctica no apartado de comunicación escrita da carta formal/informal e do correo electrónico. Retomando de novo os contidos de 1º de ESO serán presentados os sistemas vocálico e</p>	10	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Tema 1	<p>consonántico. Para pechar a unidade afondaremos na orixe e formación da lingua galega.</p> <p>Finalmente, en canto á reflexión sobre a lingua, afondarase no emprego das regras de acentuación.</p>	10	15	X		
2	Tema 2	<p>A partir da lectura inicial achegarémonos á situación da lingua na actualidade, o seu marco político e legal e os principais conceptos como bilingüismo diglosia e lingua minorizada. Na comunicación escrita faremos práctica dos modelos de solicitude, analóxico e dixital</p> <p>En canto á reflexión sobre a lingua, afondarase no emprego das regras de acentuación e no acento diacrítico.</p> <p>No que se refire á reflexión sobre a lingua iniciamos ó alumnado na sintaxe; presentando os conceptos de enunciado. frase e oración.</p>	10	14	X		
3	Tema 3	<p>Nesta unidade combinaremos a comunicación oral e escrita a través do estudo da publicidade (anuncios e mensaxes publicitarias). Na reflexión sobre a lingua achegarémonos a tres aspectos diferentes: a formación de palabras (os prefixos e os sufixos). Repaso de ortografía : o H Na sintaxe abordaremos : as frases, funcións, tipos e estrutura. Falaremos dos prexuízos da lingua e a situación da lingua no mundo. Na educación literaria, faremos un repaso dos principais recursos literarios.</p>	15	14	X		
4	Tema 4	<p>Nesta unidade combinaremos a comunicación oral e a escrita a través do estudo da queixa e da reclamación prestando atención a súa estrutura. Na reflexión sobre a lingua achegarémonos ao suxeito e continuaremos co repaso da ortografía . Na educación literaria veremos o xénero narrativo: os seus elementos, a súa estrutura e os subxéneros. Polo que se refire a lingua e os seus falantes estudaremos os rexistros e variedades lingüísticas .</p>	10	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Tema 5	<p>Na lingua e os seus falantes, achegarémonos ao galego e a ciencia e os prestamos lingüísticos. En comunicación escrita veremos diferentes textos científico- técnicos.</p> <p>Na reflexión sobre a lingua veremos os tipos de predicado e continuaremos co repaso ortográfico</p> <p>En educación literaria achegarémonos ó xénero lírico: métrica, estrofa e rima.</p>	10	12		X	
6	Tema 6	<p>Na lingua e os seus falantes presentaremos a lingua na administración e veremos algúns exemplos de linguaxe administrativa.</p> <p>No bloque de comunicación revisaremos as fórmulas de cortesía na comunicación oral, e o resumo e esquema na comunicación escrita.</p> <p>Na reflexión sobre a lingua veremos o complemento directo e novos temas de ortografía.</p> <p>Na educación literaria afondaremos no xénero dramático (características e subxéneros).</p>	15	13		X	
7	Tema 7	<p>Na comunicación oral traballaremos a dramatización despois de ver a teoría no tema anterior.</p> <p>Na comunicación escrita faremos unha práctica do retrato.</p> <p>Na gramática estudaremos o complemento indirecto</p> <p>Na ortografía repasaremos os principais grupos consonánticos.</p> <p>na literatura achegaremosnos o comentario de texto e na lingua e sociedade veremos o galego no cine.</p>	20	15			X
8	Tema 8	<p>Na comunicación oral traballaremos as noticias de radio.</p> <p>Na comunicación escrita faremos unha práctica da crónica.</p> <p>Na gramática estudaremos o complemento circunstancial.</p> <p>Na ortografía repasaremos a puntuación.</p> <p>Na literatura achegaremosnos á historia da lingua e o rexurdimento.</p> <p>no aspecto de lingua e sociedade falaremos do galego e a sociedade.</p>	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Tema 1	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado recoñece as semellanzas e diferenzas máis salientables entre os sistemas ortográficos (grafemas e dígrafos) do galego e o do portugués.	PE	75
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo (p. ex. web do centro) e explica a interacción entre os diferentes códigos.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analiza algúns dos elementos constitutivos da narración oral popular. A partir de aquí repáranse os contidos das principais categorías gramaticais : substantivo e verbo.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado recoñece as características e subtipos do conto popular		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado distingue a categoría gramatical e o significado de parellas de palabras que se diferencian polo timbre aberto ou pechado da vogal tónica e sabe empregar correctamente o acento diacrítico. Centraremonos nunha selección de exemplos de lexico tradicional na medida do posible		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado coñece as similitudes e diferenzas entre a carta formal e informal realizando exemplos que se intercambian entre eles.	TI	25
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado analizara todos os elementos multimodais que aparezan nun anuncio publicitario		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados ao circuíto literario e lector. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
2	Tema 2	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece as principais características das linguas da península con investigación persoal na rede.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante dun texto multimodal sinxelo (p.ex. un roteiro do seu concello) e explica a interacción entre os diferentes códigos.	PE	55

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado emprega correctamente as normas de acentuación en diferente tipo de textos.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado identifica, en textos dados, distintos aspectos lingüísticos e corrección ortográfica e gramatical a demais presentanse os conceptos introdutorios da sintaxe, como enunciado, frase e oración.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado conta unha pequena historia persoal e unha exposición oral planificada para a que se lle facilita unha ficha previa que teñen que planificar		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende os elementos básicos dos textos modelo de solicitude.	TI	45
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analiza textos sinxelos sacados de calquera situación comunicativa da actualidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.

UD	Título da UD	Duración
3	Tema 3	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándooos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado elabora unah taboa con lexico multilingue para identificar os trazos linguísticos mais relevantes	TI	100
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado achegase os textos legais basicos que regulan o uso da lingua e os principais prexuízos.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza exposicions orais espontaneas para que dominen todos os rexistros linguísticos.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado redacta un conto con tematica de medo para celebrar o samain, lense e escollense os mellores de cada aula practicando a escrita e a oralidade.		
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	O alumnado elabora pequenos traballos de investigación sobre os distintos medos narrativos que aparecen no libro de lectura.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado realiza procuras en manuais e dicionarios da Rede, atendendo a criterios de validez e fiabilidade. Tamén usa correctores ortográficos, procesadores de texto e programas de presentación para mellorar os seus traballos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Aproximación ás linguas de signos, con especial atención á variante galega. - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Aproximación ao coñecemento das características máis básicas das linguas éuscara e catalá.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
4	Tema 4	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado recoñece, en textos dados, as características formais e a estrutura de textos propios do ámbito académico (apuntamentos).	PE	60
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, comprende o sentido global, selecciona a información máis relevante e valora a estrutura e os procedementos comunicativos empregados nun texto expositivo sobre o Día Escolar da Non Violencia e a Paz.		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica as características da novela a partir da análise das relacións internas dos elementos constitutivos co sentido da obra narrativa de lectura obrigatoria do 2º trimestre. centrandose nos elementos narrativos a súa estrutura e os subxeneros.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado recoñece unha das principais funcións sintácticas que é o suxeito con traballo individual e colectivo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa nunha interacción oral formal nun exercicio no que presentaría unha queixa nunha oficina de información		
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado interpreta o sentido e analiza a estrutura dunha lectura do libro de texto dixital.	TI	40
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado analiza as distintas variedade linguísticas a partir de textos breves que as exemplifican		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do

Contidos
- propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
5	Tema 5	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado reconece, en textos dados, as características formais e a estrutura de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación, tanto analóxicos como dixitais (entrevista).	PE	45
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado debere demostrar que sabe identificar relacións semánticas entre palabras: sinonimia, antonimia, homonimia e polisemia.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado sabe clasificar as oracións activas en copulativas (ou atributivas) e predicativas e estas, en persoais e impersoais.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, logo de escoitar varias entrevistas sobre un tema relacionado co coidado do medio, participa activamente nun debate sobre as opinións reflectidas. Cada alumna/o debe respectar a quenda de palabra e manter unha actitude de cortesía lingüística e cooperación conversacional.	TI	55
CA2.8 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado, logo de participar no debate e de documentarse sobre o tema tratado, escribe un comentario) no que reflexiona brevemente sobre os contidos debatidos.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado reflexionara a partir da análise dun texto sobre os usos discriminatorios da lingua e manipulación a través da lingua.		
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado realizara en grupo unha presentación que expora na clase relacionando coa propia experiencia vital		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais
- Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados ao circuíto literario e lector.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
6	Tema 6	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado realiza na biblioteca nubha lecturas de distintos autores de banda deseñada e logo realizan entre todos unha análise dos distintos elementos deste medio.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende o sentido global dun cómic e recoñece algúns dos recursos expresivos máis significativos do dito texto.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado, en grupos de tres ou catro estudantes, selecciona información de actualidade a partir de distintos medios de comunicación dixitais e expon as súas conclusións na clase co asesoramente do profesorado		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado, logo de visitar a biblioteca escolar, elixe un libro e explícalles ás compañeiras e compañeiros o motivo da súa escolla; tamén pode expresarllas a súa opinión sobre algún lido con anterioridade.		
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado elaborara textos con intención literaria en distintos soportes un breve relato e acompañara a súa lectura dunha presentación con música e imaxes		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado, en grupos de tres ou catro estudantes, selecciona información de actualidade a partir de distintos medios de comunicación dixitais e expon as súas conclusións na clase de maneira autónoma.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar os traballos realizados coa axuda do profesorado, é capaz de recoñecer e emendar os erros formais e de contido detectados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura. - Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
7	Tema 7	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado sabe detectar, a través de textos dados, as principais propiedades dun texto: coherencia, cohesión e adecuación.	PE	85
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado realizara un estudo de pequenos textos de diferentes ámbitos : estrutura. intención do emisor, e ideas principais		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado analizara a forma e contido de textos partindo do modelo de comentario guiado ofrecido polo profesorado		
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado analizara a forma e contido de textos , e buscara as relacións internas dos seus elementos baseándose nas características do xenero ao que pertence.		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado estudara as similitudes e diferenzas entre os textos de elaboración propia e outros publicados nos distintos medios con intención artística sen esquecer os valores éticos que poidan conter .		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado é quen de identificar, en oracións simples, as funcións de complemento indirecto.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado recoñece os principais trazos fonéticos e morfolóxicos do bloque e área lingüística na que se insire a súa contorna e valora estes fenómenos como mostra da riqueza dialectal do galego.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Introducción á reflexión interlingüística.

Contidos

- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar.
- Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.

UD	Título da UD	Duración
8	Tema 8	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado identifica a estrutura e os elementos propios dun boletín informativo e coñece as características formais dos textos que se van incluír na súa publicación (noticias, entrevistas e crónicas).	TI	100
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado planifica e organiza a forma e o contido do boletín informativo a través de notas, esquemas, resumos etc.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado sabe empregar nos textos redactados algúns mecanismos de cohesión (conectores textuais temporais e explicativos); mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos e hiperónimos).		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos, colabora activamente na elaboración dun boletín informativo con boa actitude e respectando as normas de cortesía conversacional.		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado planifica e colabora na redacción dun boletín informativo ben estruturado, empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen erros salientables.		
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar os textos incluídos no boletín informativo coa axuda do profesorado, é quen de recoñecer e emendar os erros formais e de contido detectados.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado sabe utilizar dicionarios e manuais de consulta para enriquecer o seu traballo cun léxico máis variado e preciso, e con estruturas morfosintácticas características do galego.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, a metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, tratarase, na medida do posible, de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Alén do expresado anteriormente sobre algúns aspectos metodolóxicos, cómpre salientar que as liñas de actuación versarán sobre:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.

- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

- O desenvolvemento dos contidos gradual e progresivo, de maneira que, ademais de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

- O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o Equipo de Biblioteca. Esta colaboración incidirá na mellora dos procesos comunicativos e permitirá incorporar xéneros discursivos doutras materias e ámbitos de interese.

- A potenciación do tratamento integrado de linguas (TIL), que se reflectirá na incorporación de nocións básicas dalgunhas linguas da Península Ibérica, especialmente da portuguesa, e que se fomentará con actuacións que lle faciliten ao alumnado galegofalante a intercomunicación nos dous idiomas (intercambios lingüísticos, concursos, glosarios bilingües/multilingües...).

Cómpre que sexa consciente da utilidade deste coñecemento, non só para reforzar os vínculos culturais, sociais e económicos con Portugal e con toda a comunidade de países lusófonos, senón tamén para que a lingua galega adquiera unha maior proxección internacional.

- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo

Contidos

- aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Antes de comezar cada unidade, segundo a indicación do pedagogo galego, Miguel Vázquez Freire, trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan, só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos. De calquera xeito, é preferible aprender poucos conceptos e facelo de xeito rigoroso e non moitos de maneira superficial, como sucede coa aprendizaxe memorística asignificativa.

Propoñeremos un breve coloquio lanzando preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co/coa docente. É moi relevante para o profesor/a a premisa de ensinar a aprender segundo a cal, a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso correspóndelle á/ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse.

LIÑAS METODOLÓXICAS:

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. Non esquezamos que a clase de lingua estivo tradicionalmente orientada, na meirande parte dos casos, á realización dunha serie de actividades pouco motivadoras, encamiñadas a conseguir uns contidos formais que dificilmente teñen relación co uso real da lingua.

Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, tratarase na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego. Por outra parte, somos moi conscientes de que a propia actitude do profesorado inflúe na motivación e rendemento do alumnado, pois como sinalou Jurjo Torres Santomé na súa teoría sobre o currículo oculto, en moitos aspectos, os valores transmitidos informalmente dende as aulas poden ter efectos moito máis determinantes e poderosos que os contidos curriculares explícitos. Teremos isto en conta para que non se produza ningún tipo de desaxuste na conformación do autoconceito nin na traxectoria académica do alumnado, por iso, intentaremos comprender en todo momento a situación sociolingüística na que foron criados: lingua materna o castelán, lingua habitual castelán... a vila de Sada está moi castelanizada e o noso alumnado non atopa contextos nos que desenvolverse en galego, de aí que transmitamos dunha maneira amable e afable a necesidade de que se expresen en galego nas nosas aulas e que usen a lingua para responderlle a calquera interlocutor galegofalante; este último é un prexuízo que teñen moi arraigado.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

-O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.

-A realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.

-O deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

-O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada persoa teña os seus tempos e os seus espazos de recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Por exemplo, en primeiro de bacharelato, para desenvolver un Proxecto de gravación dunha entrevista, terán que organizarse nun grupo de tres persoas para localizar a persoa maior de 80 anos, galegofalante que responda ás súas preguntas, elaborar a batería de preguntas sobre as súas vivencias na posguerra e dos seus antepasados na guerra, editar o vídeo con fotografías de familia, música, subtítulos...

-A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades ou de tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise afondar máis nos contidos.

-Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.

-A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa e mais nas súas respectivas variantes. O galego-portugués medieval servirá para inicialos nas grafías e fonemas do portugués actual, así coma o manexo de páxinas especializadas na literatura medieval escritas en portugués.

-Traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos... así como co departamento de Tecnoloxía, para as TIC, nas sesións desta materia editarán vídeos e traballarán con novos formatos de presentacións, como por exemplo "Canva".

-A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, violencia de xénero...).

-A recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras. Usarase moito material audiovisual que ilustre os contextos, as obras e os autores e autoras do temario: Historias de Galicia, A escola das areas, Rosalía musa do pobo, Galegofobia "Gran Hermano"...

-A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais) para que, unha vez rematado o bacharelato, xa alcanzase, entre outros, o dominio do sistema fonético-fonolóxico do galego. Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están o cinema, as declamacións de cantigas medievais, a exposición oral dun comentario poético a través dunha presentación, a entrevista... e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.

-O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, interpretación de textos poéticos, etc.

-O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Alvarez Ruiz de Ojeda, Victoria (2020). Sobre a lingua galega de Rosalía de Castro. Vigo: Galaxia.
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. A Coruña: Baía Edicións.
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (22 de agosto de 2022). Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa. http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=MEDDB3:2

Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). Nova gramática do portugués contemporáneo de acordo com a nova ortografía. Rio de Janeiro: Lexikon Editora Digital.
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais.
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo: Xerais.
Fernández Rei, Francisco (2003). Dialectoloxía da lingua galega. Vigo: Xerais de Galicia.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo: Galaxia.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2020). Idioma e sociedade. Sobre normalización e planificación da lingua galega. Santiago: Laiovento.
García Negro, María Pilar (2015). No tempo de Follas Novas. Unha viaxe pola literatura universal. Santiago de Compostela: Alvarellos.
Gutiérrez Izquierdo, Ramón (2000). Lecturas de nós. Introducción á Literatura galega. Vigo: Xerais.
Instituto da Lingua Galega (25 de agosto de 2022). Dicionario de dicionarios do galego medieval. http://ilg.usc.gal/ddgm/
Larson, Pär (2019). A lingua das cantigas. Gramática do galego-portugués. Vigo: Xerais.
López Viñas, Xoán; Lourenço Mória, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións.
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia.
Monteagudo, Henrique (2017). Historia social da lingua galega: idioma, sociedade e cultura a través do tempo. Vigo: Galaxia.
Monteagudo, Henrique (2021). O Idioma galego baixo o franquismo. Da resistencia á normalización. Vigo: Galaxia.
Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Vigo: Xerais de Galicia.
Pena, Xosé Ramón (2013). Historia da Literatura Galega I. Das orixes a 1853. Vigo: Xerais.
Pena, Xosé Ramón (2014). Historia da Literatura Galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento. Vigo: Xerais.
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Resende de Oliveira, António (1995) . Trobadores e xogares. Contexto histórico. Vigo: Xerais.
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais de Galicia

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro (pantalla dixital, canon, computador fixo, computadores portátiles, conexión a internet, encerado dixital e impresora 3D).

A biblioteca ofrece, ademais de obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais, recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. (computadores, impresoras, mesas e cadeiras apropiadas...)

Recursos didácticos:

- Libro de texto: Lingua galega e literatura 1º bacharelato, editorial Baía Edicións, 2022, González Aviión, Isabel e Insua López, Emilio Xosé.
- Material audiovisual: Historias de Galicia (Documentais) TVG
- Curtametraxe: A escola das Areas.
- Documentais da TVG: Rosalía a musa do pobo, Cantares gallegos

- Presentacións : Linguas en contacto de Luciano. Presentacións de elaboración propia ou tomadas de internet sobre prexuízos, sobre aspectos de gramática...

- Tres novelas:

Tantos anos de silencio, Francisco Castro

A arte de trobar, Santiago Lopo

A memoria da choiva, Pedro Feijoo

- AULA VIRTUAL

- Cantigas medievas: <https://cantigas.fcsh.unl.pt> Outros recursos didácticos:

- Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>

- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinoceronte.gal/dicionario/>

- Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do>

- Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>

- Dicionario visual interactivo: www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html

- O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>

- Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que partirá dun texto ensaístico sobre as graves consecuencias para o ser humano da perda da diversidade lingüística constará das seguintes partes:

- Lectura comprensiva do texto: subliñado de ideas principais e secundarias.

- Comprensión escrita: elaboración dun resumo, esquema, estrutura e tema do texto, despois de darlles as instrucións para facelo.

- Comprensión oral: esta análise realizarase dentro da aula, coa participación de todo o alumnado que intervirá oralmente para facer as súas aportacións sobre a análise de texto.

- Produción escrita: o alumnado elaborará un texto argumentativo, despois de recibir os coñecementos sobre a adecuación, coherencia e recursos de cohesión deste tipo de textos, sobre as vantaxes e inconvenientes da existencia dunha lingua universal. Esta tarefa elaboraranana na casa consultando e buscando información sobre o tema co fin de que os argumentos poidan ser o máis elaborados posible. Esta tarefa será recollida e avaliada pola

profesora.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	7	5	5	7	3	9	7	7	7
Proba escrita	100	100	100	100	100	0	100	100	100	100
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	100	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	3	9	9	5	6	4	100
Proba escrita	0	100	100	100	100	0	90
Táboa de indicadores	100	0	0	0	0	100	10

Criterios de cualificación:

Utilización da lingua galega e penalizacións por incorreccións lingüísticas:

O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega, no caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que no caso de 1º de bacharelato non superará os 2 puntos de rebaixa. Para a corrección lingüística aplicaremos os mesmos criterios que nas probas de ABAU: unha palabra escrita incorrectamente de forma reiterada só se contabilizará unha vez. Isto non é aplicable á incorrecta colocación dos pronomes, ao emprego de tempos compostos nin á acentuación diacrítica. Tipos de erros:

- **Moi graves:** Desconto 0'2 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel morfolóxico e sintáctico, por exemplo o uso de tempos compostos ou a incorrecta colocación dos clíticos. Tamén se considerarán faltas moi graves outro tipo de erros sintácticos, como por exemplo os anacolutos.

- **Graves:** Desconto 0'1 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel léxico, por exemplo o emprego de formas como *silla, *hasta ou *random... Tamén se considerará falta grave a incorrecta acentuación diacrítica.

- **Leves:** Desconto 0'05 puntos cada un. Solucións ortográficas contrarias ao estándar vixente (b/ v, h, *ourense), acentuación non diacrítica, contraccións, etc. Cada dous erros deste tipo descuentan, polo tanto, unha décima (0,1). No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

Velaremos porque este artigo se cumpra dentro da aula, pedindo as veces que sexan necesarias que se expresen dentro da aula en lingua galega; no noso centro situado nunha zona moi castelanizada, ademais da presenza dun gran grupo de alumnado procedente doutros países e comunidades, esta é unha tarefa ardua que con paciencia e moita perseverancia conseguiremos. Evitaremos a imposición punitiva porque por experiencia sabemos que isto aínda pode provocar un maior rexeitamento cara a nosa lingua.

Cualificación trimestral:

A nota de cada trimestre obterase do seguinte xeito:

- 70%= proba escrita recopilatoria dos contidos de cada trimestre.
- 20%= proba escrita sobre a obra de lectura obrigatoria de cada trimestre.
- 10%= proxecto de cada trimestre, avaliado a través de táboa de indicadores.

No caso de que esa media dea como resultado unha cifra con decimais, o redondeo ao enteiro superior farase a partir de 0.6 ou ao enteiro inferior con 0.5 ou menor decimal.

Cualificación ordinaria:

Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres.

No caso de que o alumno deba recuperar algunha das avaliacións suspensas, presentarase a unha PROBA FINAL de recuperación a finais de maio. Os contidos de cada proba coincidirán co reparto da materia realizado en cada trimestre ao longo do curso, podendo haber algunha diferenza no reparto dos temas de literatura da 2ª e da 3ª avaliación para buscar unha fragmentación máis equitativa. O alumno/a será informado debidamente cunha comunicación oral individual, co fin de indicarlle que avaliacións deberá recuperar; ao mesmo tempo que se lle recordará o contido que deberá revisar mediante un documento no que estarán fragmentados os contidos por cada avaliación que teña que recuperar, isto entregáraselle en man e de maneira personalizada.

Esta proba final consistirá nun exame por cada avaliación non aprobada que recollerá a materia traballada nese trimestre:

1ª avaliación: lingua e comunicación, historia da lingua, lingua e sociedade, morfoloxía: substantivo e adxetivo e literatura da Idade Media.

2ª avaliación: pronomes, valores do que, e literatura da Idade Media e Séculos Escuros.

3ª avaliación: verbos, perífrases verbais, conxuncións e literatura do século XIX.

A esa proba deberán presentarse aqueles alumnos e alumnas que teñan unha, dúas ou tres avaliacións suspensas, co fin de superar cada unha delas por separado. A cualificación final de xuño calcularase en base á nota numérica obtida en cada unha desas probas de recuperación, independentemente de que sexa esta máis alta ou máis baixa que a obtida no trimestre. A cualificación final será polo tanto: a media aritmética obtida das cualificacións acadadas nesta (s) proba(s) de maio, mais a nota do(s) trimestre(s) aprobado(s), se os houber. No caso de que a cifra sexa decimal, procederase ao redondeo citado anteriormente.

Criterios de recuperación:

O período abranguido entre a terceira avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria dedicarase a actividades de apoio, reforzo, consolidación e recuperación e non se impartirán novas unidades didácticas. Diseñarase unha guía de traballo para eses quince días, as tarefas realizaranse na aula e guiarase ao alumnado para que o complete na casa, isto permitirá unha atención personalizada para resolver e reforzar as eivas. O traballo estará enfocado directamente aos contidos que se recollerán nesa proba extraordinaria. Traballarase eses días cunhas directrices moi concretas que recollerán os mínimos necesarios para lograr superar a proba con éxito.

Na convocatoria extraordinaria de xuño a cualificación será a obtida exclusivamente nesa proba, polo tanto o alumnado quedará eximido das lecturas obrigatorias.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Incluimos aquí os procedementos de seguimento, recuperación e avaliación da materia de 1º de bacharelato para alumnos que están neste curso 2023/2024 cursando 2º de bacharelato. No momento de elaborar esta programación xa nos consta que temos tres alumnos/as nesta situación. Recollemos nesta PD o procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

O alumnado deberá entregar unhas tarefas para cada un dos dous parciais que se realizarán, as directrices serán entregadas ao alumno/a en man e versarán sobre os contidos mínimos de 1º bacharelato. Ese traballo será entregado o día da proba escrita, incluso poderá manexalo durante a realización desa proba escrita presencial. Para a realización das tarefas contará coa axuda da profesora, no curso actual, co fin de resolver as dúbidas que lle vaian xurdindo.

Na sesión de avaliación Ordinaria de 2º de Bacharelato, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación en bacharelato.

Para demostrar que adquiriron os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia, deberán realizar dúas probas parciais, a primeira no mes de outubro e a segunda no mes de xaneiro. Aqueles ou aquelas que non superen algunha das probas ou os que non se presentasen ao exame, deberán examinarse en abril da totalidade dos contidos, nunha proba final.

As porcentaxes que se aplicarán serán as seguintes:

Entrega das tarefas propostas, unha para cada parcial : 20%

Proba escrita: 80 %

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Este apartado non procede neste curso.

6. Medidas de atención á diversidade

De conformidade co artigo 3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, as medidas de atención á diversidade que deben atender ao principio de inclusión educativa enténdese como «o conxunto de accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado».

Estas medidas orientáanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, as Administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar; para que poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Aínda que no momento da elaboración desta PD non se coñece a natureza dos alumnos e alumnas que cursarán esta materia, e aínda pendentes da avaliación inicial, logo de analizar os informes do centro de procedencia e da información facilitada polo orientador/a, xa temos detectado varios casos de alumnos matriculados en 1º bacharelato que presentan moi diversos perfís: TEA, TDHA, alumnado de recente incorporación ao sistema educativo, exentos de cursar a nosa materia. A estes últimos a nivel metodolóxico, durante o desenvolvemento da clase de Lingua Galega, faráselle partícipe de todas as tarefas que se realicen, lecturas, exercicios sobre o funcionamento da lingua (non debemos esquecer que están matriculados en 1º de Bacharelato e o estudo morfo-sintáctico da lingua galega é igual ca en castelán, referímonos a clases de palabras, identificación de funcións sintácticas...) Diseñarase unha actividade integradora para que a través duna presentación con exposición oral poidan darnos a coñecer o seu país, Comunidade de procedencia.

Aplicaranse metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos para potenciar a zona de desenvolvemento próximo, favorecerase a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos (nesta programación didáctica figuran tres proxectos ao longo do curso nos que participarán incluso o alumnado exento da materia.) e outras medidas que promovan a súa inclusión.

Tamén están matriculados 6 alumnos/as que repiten 1º de Bacharelato, cinco deles cursaron estudos neste mesmo centro a docente coñece a casuística de cada un deles porque foron os seus alumnos do curso pasado. Sendo moi variados os perfís, a este alumnado xa se lle propuxo cambiar as obras de lectura obrigatoria que eles xa leron e varios optaron por repetilas xa que non as leron o curso pasado; no que se refire ao estudo da lingua e á educación literaria non se realizarán cambios xa que varios deles, repiten debido a perda da metade do curso por problemas de saúde; outros por dificultades para lograr o aprobado de tres materias; nalgún caso xa se lle fixeron medidas de reforzo que continuarán este curso. Só hai un caso de persoa que non cursou 1º de bacharelato neste centro, a avaliación inicial, a información de orientación permitíranos coñecer o seu perfil.

Segundo o disposto no artigo 13.4. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, en caso de non superar algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar, concretamente realizaranse do 19 ao 21 de xuño de 2024.

Nos casos de alumnado con dificultades na aprendizaxe, asesorados polo Departamento de Orientación, tomaranse medidas de apoio e reforzo como:

- cambio de sitio na aula, máis cerca da mesa da profesora, se for preciso.

- flexibilización nos tempos de realización das probas escritas.
 - atención directa no momento de realizar calquera proba: aclaración dos enunciados, subliñado das palabras claves que lle faciliten a comprensión.
 - deseño gráfico da proba diferente: maior tamaño, A3, ao igual que se fai nas probas de ABAU.
- Nestes casos de NEAE, estas son medidas de carácter ordinario que teñen o propósito de prestar unha atención educativa de calidade, inclusiva e para a diversidade, e non repercuten nos obxectivos, contidos, nin nos criterios de avaliación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.						X		
ET.4 - Competencia dixital.						X		
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X					X	
ET.6 - Pluralidade (lingüística).		X						
ET.7 - A creatividade						X		
ET.8 - Igualdade de xénero			X		X		X	
ET.9 - a educación emocional e en valores						X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.			X					X
ET.4 - Competencia dixital.			X					X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico.	X				X	X		
ET.6 - Pluralidade (lingüística).								
ET.7 - A creatividade			X					X
ET.8 - Igualdade de xénero		X			X	X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.9 - a educación emocional e en valores	X				X	X		X

Observacións:

O Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 1º de bacharelato, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Amais dos elementos transversais indicados anteriormente, segundo o artigo 19.2, «promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social [...] e a pluralidade». Por último, atendendo ao artigo 19.3. do Anteproxecto de Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, «evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero».

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a unha representación teatral	Por agora está sen determinar.	X	X	
Roteiro Rosaliano	Lectura de poemas na Casa Museo, Santiago, Bastavales		X	

Observacións:

No momento de elaborar esta Programación estamos á espera de poder asistir a algunha representación teatral que nos ofrezan as compañías teatrais galegas, sempre que complementen algún aspecto ben sexa literario, ben sexa sociolingüístico do noso temario. Intentaremos que sexa no 1º ou no 2º trimestre do curso, para evitar perder sesións de clase no 3º trimestre no que o alumnado pode ter o calendario máis apretado. Buscaremos ademais que sexa unha representación escolar en horario de mañá.

Programamos ademais para finais do 2º trimestre un roteiro rosaliano, nunha xornada completa, para visitar os lugares emblemáticos da autora: Padrón, Santiago, Bastavales...

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución.
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
Metodoloxía empregada
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
Medidas de atención á diversidade
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidoras/es, ACS, reforzos.
Clima de traballo na aula
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, a Biblioteca, Club de Ciencia, etc.).
17. Participouse no Proxecto lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo mecanismos de mellora.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das filla ou fillos.

Outros
21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado, analizadas e comentadas na clase.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoráranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle serán proporcionados ao alumnado, ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior. Cumpriuse o prazo de entrega indicado normativamente.

A estrutura da PD incluíu os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución.

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

-Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para a superación da materia.

-Medidas de atención á diversidade.

-A concreción dos elementos transversais .

-As actividades complementarias.

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a praxe docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

Valorárase o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

Tamén se valorará se a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados estaban dando os resultados previstos.

En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

Analizouse se os mecanismos de información ás familias deron os resultados previstos e se foron útiles e adecuados.

Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

Para comprobar a aplicación adecuada da PD elaboráronse os indicadores de logro que se enumeran a continuación:

1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 1 a 5 a respecto do seu cumprimento.
12. Establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na aplicación da PD. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na última reunión do departamento didáctico recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e, en consecuencia, a incorporación das propostas de mellora; incluíranse na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso e serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión que celebre a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, hai que sinalar que tamén se fará o seguimento a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026029	IES Isaac Díaz Pardo	Sada	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura II	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	6
3.1. Relación de unidades didácticas	8
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	11
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	33
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	33
6. Medidas de atención á diversidade	38
7.1. Concreción dos elementos transversais	41
7.2. Actividades complementarias	42
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	43
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	44
9. Outros apartados	46

1. Introducción

A materia de Lingua Galega en segundo de bacharelato presenta uns fins determinados de acordo aos obxectivos desta etapa. Por unha banda, preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Os obxectivos de Lingua Galega e Literatura neste curso marcan unha progresión a respecto dos da etapa anterior. Hai agora unha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como unha mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axudan a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Proponse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que incida nesta etapa na relación continua entre o pasado e o presente.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística, subliñando os fenómenos que se producen no marco do contacto entre linguas e as diferenzas entre variedades dialectais, sociolectos e rexistros, co fin de combater de maneira argumentada prexuízos e estereotipos lingüísticos. O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática, vertebrándoos ao redor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos, con especial atención á produción de textos académicos e á recepción crítica de textos procedentes dos medios de comunicación, así como aos procesos de investigación que han de acompañar ambos os desempeños. O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un

achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a época das Irmandades da Fala e a actualidade. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada.

Neste curso non podemos vivir alleos á realidade do noso alumnado que, en xuño, se terá que enfrontar ás ABAU, con repercusión no seu futuro profesional, o cal condiciona que se incida máis ou menos no desenvolvemento de determinados aspectos da programación. Polo tanto traballaremos os contidos co enfoque que o Grupo de traballo da nosa materia marca dende a CIUG co fin de que o noso alumnado logre os mellores resultados.

Porén, non podemos obviar o contexto no que está o noso centro, o IES Isaac Díaz Pardo está situado nunha contorna moi castelanizada: case a totalidade dos 72 alumnos/as matriculados neste curso son castelanfalantes, ningún ten o galego como lingua inicial ou materna. Nos ámbitos nos que se moven: sociais, familiares, de ocio, de deporte... só escoitan falar castelán, isto no que se refire aos nados aquí. Entre o noso alumnado contamos con persoas procedentes doutros países (Colombia, Venezuela, Arxentina, Romanía, China...) xa cursaron a materia durante dous anos de exención, e neste curso xa están matriculados oficialmente, isto supónlles unha gran dificultade para acadar os obxectivos dos bloques de Comunicación e Educación literaria porque lles faltan moitas referencias da nosa cultura, a súa expresión oral e escrita é aínda moi deficiente. Terase en conta, nestes casos, o nivel do que parten para acadar a máxima progresión posible e logren acadar os mínimos esixibles.

Por todo isto, cremos moi necesario afondar na mellora da expresión oral, para iso deseñamos tres Proxectos, un por

trimestre, que con diferentes temáticas terán como obxectivo traballar a oralidade, exposición pública ante a clase co apoio dunha presentación:

O proxecto do primeiro trimestre versará sobre prexuízos lingüísticos e a diversidade dialectal do galego, traballando así o Bloque da lingua e os seus falantes.

No 2º trimestre realizarán unha gravación de audio, podcast, para afondar no coñecemento da obra de Luísa Villalta, nestes momentos estamos xestionando coa cadea SER de radio da Coruña a posibilidade de emitir un programa dende o noso centro, se este proxecto sae adiante, o alumnado de 2º de bacharelato terá unha participación clave. Desenvolvendo así obxectivos do bloque de Comunicación e Educación literaria.

No Proxecto do 3º trimestre escolleremos cinco novelas, con posibilidade de cambiar o itinerario lector unha vez que vaian descubriendo as narradoras da nosa literatura e que eles mesmos poidan suxerir algunha obra que non estea entre esas cinco. O proxecto realizárase en grupos de tres persoas, quen apoiándose nunha presentación, exporán ante a clase a análise da obra.

No que se refire á Educación literaria, este curso non realizaremos probas escritas de lecturas obrigatorias. Traballaremos con antoloxías de poemas, de fragmentos de novelas e de teatro do século XX e o que vai do XXI. O itinerario lector estará aberto en todo momento para o alumnado que desexe ler, guiándoo na súa escolla, porén estas lecturas terán carácter voluntario e non puntuarán na cualificación, evidentemente redundarán na mellora da súa comprensión lectora, no seu espírito crítico, nos seus comentarios literarios, pero non sumarán un punto na cualificación do trimestre como viña facéndose en cursos anteriores.

Neste contexto no que vive o noso alumnado somos conscientes da inxente tarefa á que nos enfrontamos: conseguir que usen a lingua galega na súa vida diaria é practicamente imposible, xa que

nos ámbitos nos que se moven está case totalmente ausente, pero se conseguimos erradicar prexuízos, que aprendan a valorar a diversidade lingüística e a riqueza que para nós supón ter unha lingua propia, cunha cultura propia, que está na súa man manter viva para contribuír ao enriquecemento da humanidade, xa nos daremos por satisfeitos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

Contidos

- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
13	PROXECTO III: Faladoiro literario.	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Expón oralmente con fluidez, rigor, coherencia e cohesión o resultado deste Proxecto: Tertulia literaria.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Intervén de forma adecuado na súa queda dentro desta exposición oral realizada en grupo ante a clase co apoio dunha presentación feita en Canva.		
CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Le a novela e investiga sobre ela para contextualizala, analiza as liñas temáticas da produción literaria da autora ou autor. Resume o argumento e analiza nun fragmento: personaxes, espazo, tempo, narrador.	TI	100
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa na exposición oral e contesta as cuestións que o público formule.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elix e le unha das cinco novelas propostas pola docente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Comparte a experiencia lectora co resto nesta exposición oral que tomará a forma de tertulia literaria.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explica a obra lida tanto a liña argumental coma a contextualización social e cultural na que foi creada, así como as características das categorías narrativas: narrador, espazo, personaxes, tempo. Fai unha valoración crítica da novela.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Investiga sobre a produción narrativa do autor/a, contextualiza a obra, analiza as liñas temáticas e ponos en relación con outras obras lidas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas pro-prios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira cre-ativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.

Contidos

- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Deseñáronse 13 Unidades Didácticas das cales tres recollen contidos de "Educación literaria", outras tres refírense ao bloque da "Lingua e os seus falantes" na actualidade e ao longo do século XX; outras tres refírense ao bloque de "Reflexión sobre a lingua"; desta forma abarcamos todos os contidos que se recollerán na proba de ABAU, a metodoloxía que empregaremos virá marcada polo formato que estes exercicios teñen na proba. Deseñamos tres unidades máis que se refiren á elaboración dun Proxecto, un en cada trimestre que recolle os criterios de avaliación e os contidos do bloque de "Comunicación" e que terán como obxectivo despertar a súa inquietude por aprender de forma autónoma, investigar, desenvolver o seu espírito crítico e expoñer oralmente ante o auditorio os resultados deses proxectos. A primeira unidade deseñouse para traballar a "Comprensión de texto" e a Producción textual, das que realizarán unha proba escrita en cada trimestre.

LIÑAS METODOLÓXICAS:

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega tanto na escrita coma na

oralidade. Non esquecemos que o noso alumnado presenta cada vez unha maior dificultade para expresarse cunha mínima corrección: uso de tempos compostos, incorrecta colocación do pronome, escaseza de léxico...

Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, a metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará probas escritas individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, tratarase na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego. Por outra parte, somos moi conscientes de que a propia actitude do profesorado inflúe na motivación e rendemento do alumnado, pois como sinalou Jurjo Torres Santomé na súa teoría sobre o currículo oculto, en moitos aspectos, os valores transmitidos informalmente dende as aulas poden ter efectos moito máis determinantes e poderosos que os contidos curriculares explícitos. Teremos isto en conta para que non se produza ningún tipo de desaxuste na conformación do autoconcepto nin na traxectoria académica do alumnado.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

-O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de

aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.

-A realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.

-O deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que contemplan, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. Os textos escollidos para a análise de texto e a produción textual centraranse nos problemas que preocupan á sociedade actual, así coma a selección de moitos dos textos literarios que conformarán o corpus de "Educación literaria"

-O traballo cooperativo, coa proposta dos tres Proxectos nos que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

-A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades ou de tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise afondar máis nos contidos.

-Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do

espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.

-O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

-Traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega, co departamento de tecnoloxía para a edición dos podcast, a través do Polo Creativo que posúe un equipo de radio; o equipo de biblioteca; co Club de Ciencia no que se utiliza como lingua vehicular a lingua galega e que recentemente se colaborou para poñer a Táboa Periódica en galego. Promoveranse actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

-A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal...).

-A recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras.

-A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou

planificadas) e de contextos (formais e informais) para que, unha vez rematado o bacharelato, xa alcanzase, entre outros, o dominio do sistema fonético-fonolóxico do galego. Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están o cinema, as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (informativos, publicidade, teatro radiofónico...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.

-O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos etc.

-O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. A Coruña: Baía Edicións.
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais.
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo: Xerais.
Fernández Rei, Francisco (2003). Dialectoloxía da lingua galega. Vigo: Xerais de Galicia.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo. Galaxia.
Ferreiro, Manuel (2001). Gramática Histórica Galega. II. Lexicoloxía. Santiago: Laiovento.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2020). Idioma e sociedade. Sobre normalización e planificación da lingua galega. Santiago: Laiovento.
Gutiérrez Izquierdo, Ramón (2000). Lecturas de nós. Introducción á Literatura galega. Vigo: Xerais.
López Viñas, Xoán; Lourenço Mória, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións.
Losada Vicente, Xosé Ricardo (2018). Manuel Antonio: vida e misterio dun poeta galego. Vigo: Galaxia.
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia.
Monteagudo, Henrique (2017). Historia social da lingua galega: idioma, sociedade e cultura a través do tempo. Vigo: Galaxia.
Monteagudo, Henrique (2021). O Idioma galego baixo o franquismo. Da resistencia á normalización. Vigo: Galaxia.
Callón Carlos (2022). O libro negro da lingua galega. Vigo: Xerais
Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Vigo: Xerais de Galicia.
Pena, Xosé Ramón (2016). Historia da Literatura Galega III. De 1916 a 1936. Vigo: Xerais.
Pena, Xosé Ramón (2019). Historia da Literatura Galega IV. De 1936 a 1975. A "longa noite". Vigo: Xerais.
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Rodríguez Carnota, Miguel (2022). Lingua, poder e adolescencia. Vigo: Xerais
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais de Galicia
Yáñez, Antía (2022). Non penses nun elefante rosa. Vigo: Galaxia.
Blanco Amor. A esmorga. Galaxia
Carlos casares. Vento ferido. Galaxia
Castelao. Os dous de sempre. Galaxia
Cunqueiro, Álvaro. Merlín e familia. Galaxia

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro (pantalla dixital, canón, computador fixo, mesmo o móbil persoal se usará con fins didácticos, conexión á Internet, encerado dixital e impresora 3D).

A biblioteca ofrece, ademais de obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais, recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. (computadores, impresoras, mesas e cadeiras apropiadas...)

Tamén se deben contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, ascensor, mesas e cadeiras adaptadas nas aulas etc.)

Outros recursos didácticos:

- Lingua galega e literatura 2º bacharelato, Isabel González e Emilio Insua. Baía Edicións.

- Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>

- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinoceronte.gal/diccionario/>

- Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do>

- Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>

- Dicionario visual interactivo: www.edu.xunta.es/contidos/diccionariovisual/diccionario.html

- O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>

- O ximnasio dos verbos: https://www.lingua.gal/recursos/para-aprender-o-galego/_/aprendelo/contido_0123/ximnasio-dos-verbos

- Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>

- [ogalego.eu](https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/linguagalega2bach.html): https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/linguagalega2bach.html

- Páxinas das fundacións: Risco, Otero Pedrayo, Risco...
- O Blog: Os libros de Anxel Casal <http://oslibrosdeanxelcasal.blogspot.com>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Realizarase unha proba escrita a partir dun texto xornalístico para realizar a Comprensión de texto e a Produción textual. Nas tres primeiras sesións de clase procederase a dar as instrucións básicas sobre o resumo, a estrutura, o esquema, o tema, a definición de palabras e expresións do texto e finalmente a Produción textual. O alumnado matriculado en 2º de bacharelato, agás unha persoa, xa cursou os estudos de 1º bacharelato neste centro, isto facilita o traballo da docente á hora de diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos que posúen.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Xa coñecemos do curso pasado os casos de NEAE: TEA, Dislexia.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	10	10	3	10	10	5	4	10
Proba escrita	100	100	100	100	0	100	100	100	0	100
Táboa de indicadores	0	0	0	0	100	0	0	0	100	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	3	100
Proba escrita	100	100	0	90
Táboa de indicadores	0	0	100	10

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL

En cada trimestre realizaranse tres probas escritas que representarán o 90% da cualificación de cada trimestre. Cada unha delas consistirá:

- **1ª PROBA ESCRITA:** Avaliación da Competencia comunicativa: 3 puntos

- a) Comprensión do texto (1 pregunta) baremada con 1 punto: resumo, esquema, estrutura (ideas principais e secundarias, tema, intención comunicativa); definición de palabras ou explicación de expresións tiradas do texto; recoñecemento de elementos cohesivos.

- b) Producción textual (1 pregunta) baremada con 2 puntos: redación dun texto argumentativo ou expositivo coherente, ben estruturado, adecuado á situación comunicativa e correcto ortográfica e gramaticalmente cunha extensión aproximada de 250 palabras.

- **2ª PROBA ESCRITA:** Avaliación do Funcionamento da lingua e a Lingua e os seus falantes: 4 puntos

- a) Reflexión sobre a lingua (2 apartados: 2 puntos) baremadas con 1 punto cada unha: fonética e fonoloxía, dialectoloxía, morfoloxía, semántica, sintaxe.

- b) A lingua e os seus falantes (1 pregunta: referida a 2 das Unidades de cada trimestre) baremado con 2 puntos. A partir dun estímulo (gráfico, viñeta, texto...) redactará un texto de 250 palabras aproximadamente no que plasmará os conceptos

teóricos recollidos nas dúas Unidades traballados na clase durante o trimestre. Nesta pregunta poderá chegar a perder un máximo de 1 punto polos erros ortográficos.

. 3ª PROBA ESCRITA: Avaliación da Educación literaria: 3 puntos

a) A partir dun texto literario, elaboración dunha redacción de 250 palabras aproximadamente no que se pedirá: contextualización da obra, características da obra dese autor ou autora, outras obras relevantes, outros autores ou autoras da súa xeración... Baremarase sobre 2 puntos, nesta redacción o alumno poderá chegar a perder un máximo de 1 punto polos erros ortográficos.

b) Nun segundo apartado pediráselle ao alumno algún aspecto concreto e breve sobre outro autor ou autora dun tema de Educación literaria diferente ao anterior, dalgún dos outros tres temas de literatura dos catro que se traballan en cada trimestre. Puntuarase sobre 1 punto.

A suma destes tres parciais constituirá o 90% da cualificación de cada trimestre.

Realizaranse tres Proxectos en cada trimestre que se avaliarán con táboas de indicadores:

1º trimestre: "NÓS" non prexulgamos.

2º trimestre: Silencio! Gravamos.

3º trimestre: Faladoiro literario

Deseñaranse unha rúbricas para cada proxecto na que se recollerán os criterios de cualificación, neles o peso da expresión oral será importante.

Os proxectos terán un peso do 10% na cualificación de cada trimestre.

No caso de que a cifra resultante non fose un enteiro, procederase ao seguinte redondeo: ao enteiro superior farase a partir de 0,6 e ao enteiro inferior con 0,5 ou menor decimal.

Utilización da lingua galega e penalizacións por incorreccións lingüísticas:

alumnado desenvolverá as probas en lingua galega, no caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que no caso de 2º de bacharelato non superará os 2 puntos de rebaixa (1 punto na proba escrita de Lingua e sociedade, 1 punto na proba de Educación literaria). Na proba de Producción textual 1 punto tamén se refire á corrección lingüística e á adecuación lexico-gramatical e cohesión.

A baremación da corrección lingüística será a mesma que utilizarán na proba de ABAU:

—Moi graves: Desconto 0'2 puntos c/u.

Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...).

—Graves: Desconto 0'1 puntos c/u. Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica...

¿

—Leves: Desconto 0'05 puntos c/u. Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Contraccións non realizadas.

CUALIFICACIÓN ORDINARIA:

A nota da avaliación ordinaria de maio será a media aritmética das tres avaliacións. No caso de que saia unha cifra con decimais procederase ao redondeo, xa citado anteriormente, acordado por este departamento: ao enteiro superior farase a partir de 0,6 e ao enteiro inferior con 0,5 ou menor decimal.

No caso dos alumnos/as que tivesen que presentarse a unha ou varias probas de recuperación, a nota final de maio obterase da

media aritmética desas probas de recuperación independentemente de que sexa esta máis alta ou máis baixa que a obtida no trimestre. A media será aritmética entre as tres notas obtidas: de avaliación do trimestre, as que estean aprobadas, ou as de recuperación, cando non foron superadas no trimestre. No caso de que a cifra sexa decimal procederase ao redondeo citado.

CUALIFICACIÓN EXTRAORDINARIA:

A cualificación da avaliación extraordinaria será o resultado exclusivo dunha proba escrita, procedendo ao citado redondeo no caso de que a nota numérica non fose unha cifra enteira: ao enteiro superior a partir de 0,6 e ao enteiro inferior con 0,5 ou menor decimal.

Os CONTIDOS obxecto de avaliación serán as 10 Unidades desta programación, agás os Proxectos. A proba será semellante a un exame de ABAU, recollerá:

- a) Comprensión do texto (1 punto)
- b) Producción textual (2 puntos)
- c) Reflexión sobre a lingua (3 preguntas) baremadas con (3 puntos)
- d) A lingua e os seus falantes (1 pregunta) baremado con (2 puntos).
- e) Educación literaria (1 pregunta) (2 puntos)

Recordamos aquí que se poderá descontar nesta proba por faltas de ortografía e erros gramaticais ata un máximo de 2 puntos.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de probas escritas ou proxectos implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación nese instrumento de avaliación.

Criterios de recuperación:

O alumno/a que non acade unha cualificación positiva nun

trimestre realizará unha Proba de recuperación unha vez pasado o trimestre. Na proba recollerase todos os contidos que foron obxecto de estudo nese trimestre, é dicir, a Comprensión textual, a Reflexión da lingua, as unidades sobre a Lingua e os seus falantes e as unidades de Educación literaria. Non se pedirá nesta proba escrita o exercicio de elaboración do texto expositivo-argumentativo co fin de que o alumno/a poida realizar a proba en 50 minutos de sesión de clase e mais os 20 minutos de recreo, este exercicio será substituído por cuestións breves de reflexión da lingua e comprensión do texto.

A preparación da proba extraordinaria incluírá a impartición de actividades de apoio, reforzo e recuperación.

6. Medidas de atención á diversidade

De conformidade co artigo 3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, as medidas de atención á diversidade que deben atender ao principio de inclusión educativa enténdese como «o conxunto de accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado».

Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas a ESO e o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, as Administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar

necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar; para que poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

No momento de elaborar esta Programación didáctica xa se coñecen os casos de alumnado con dislexia, TDAH e TEA, dende o Departamento de Orientación proporcionarannos os protocolos a seguir.

De entrada para o caso de dislexia aplicaranse un criterios específicos para a corrección ortográfica, os mesmos que se recollen na páxina da CIUG e que se aplicarán na corrección da proba de ABAU:

Pautas específicas relacionadas coa ortografía:

- Penalizar só unha vez por tipo os erros de ortografía básica tal como se recollen no Anexo da CIUG.
- Non penalizar os erros de ortografía non descritos no anexo.
- Penalizar só un de cada cinco os erros de acentuación.

En canto a:

- erros de segmentación de palabras dentro da oración (unións e separacións incorrectas)
 - erros de inversión, rotación, substitución, adición ou omisión de letras, sílabas ou palabras
- signos de puntuación penalizaranse só un de cada tres erros repetidos.

No caso de TEA aplicaranse as seguintes medidas:

- Colocación na parte dianteira da clase
 - Acompañamento doutra persoa que poida recordarlle as tarefas que debe facer na casa, as datas dos exames, os prazos de entrega...
 - Probas escritas adaptadas en tamaño A3, acompañamento durante a proba para clarificar enunciados, subliñado de palabras clave nos enunciados.
 - Maior duración da proba ata un máximo de 30 minutos máis.
- Nos casos de TDAH as medidas a adoptar serán:

- Probas escritas adaptadas en tamaño A3, acompañamento durante a proba para clarificar enunciados, subliñado de palabras clave nos enunciados.
- Maior duración da proba ata un máximo de 30 minutos máis.
- Resposta inmediata por parte da docente no momento que perda as explicacións.
- Nestes casos non son necesarias actividades de reforzo no día a día.

Aplicaranse metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos para potenciar a zona de desenvolvemento próximo, favorecerase a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos (nesta programación didáctica figuran tres proxectos ao longo do curso) e outras medidas que promovan a súa inclusión.

Tamén se espera contar cun alumno que repite 2º de Bacharelato. A este alumno aplicaráselle o plan específico personalizado para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, segundo o artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade . Este plan ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumno para tratar de superar as dificultades detectadas. Elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesor/a titor/a, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos, as seguintes partes:

- a) Identificación do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

Posteriormente, en cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.					X			
ET.4 - Competencia dixital.					X			
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.					X			
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X		X	X	X	X	
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X			X		X	
ET.8 - Creatividade.					X			
ET.9 - Igualdade de xénero.								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X				X
ET.4 - Competencia dixital.	X				X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X				
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.		X	X		
ET.7 - Educación emocional e en valores.			X		X
ET.8 - Creatividade.	X				X
ET.9 - Igualdade de xénero.	X	X			X

Observacións:

O Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 2º de bacharelato, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a unha emisora de radio	Coincidindo co Proxecto do 2º trimestre: Elaboración dun podcast sobre a obra de Luisa Villalta.		X	

Observacións:

Non se programarán actividades extraescolares neste curso de 2º bacharelato onde os tempos son moi reducidos, porén ante a posibilidade de que a cadea SER se desprace ao noso centro no terceiro trimestre, co fin de emitir un programa especial sobre Luísa Villalta, na que o alumnado aportará todo o seu proxecto de investigación realizado no 2º trimestre: lectura de poemas, análise temática e formal dalgún deles, lectura dramatizada de O paseo das esfinxes, lectura dun fragmento de As chaves do tempo; contextualización da súa obra...

Programamos para este nivel a visita dun grupo reducido ás instalacións da Cadea SER na praza de Ourense na Coruña.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, a Biblioteca, Club de Ciencia etc.).
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
6. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidoras/es, ACS, reforzos.
17. Participouse no Proxecto lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo mecanismos de mellora.
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.

20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula
21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado, analizadas e comentadas na clase.
22. Mantívoose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino- aprendizaxe das fillas ou fillos.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 5 e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Cumpriuse o prazo de entrega indicado normativamente.

A estrutura da PD incluíu os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución.

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

-Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para a superación da materia.

-Medidas de atención á diversidade.

-A concreción dos elementos transversais.

-As actividades complementarias.

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a praxe docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

Valorárase o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

Tamén se valorará se a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados estaban dando os resultados previstos.

En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

Analizouse se os mecanismos de información ás familias deron os resultados previstos e se foron útiles e adecuados.

Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

Para comprobar a aplicación adecuada da PD elaboráronse os indicadores de logro que se enumeran a continuación:

1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.

2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia...
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 1 a 5 a respecto do seu cumprimento.
12. Establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na aplicación da PD.

Estas propostas foron incluídas na memoria final do Departamento.

Na última reunión do Departamento didáctico recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e, en consecuencia, a incorporación das propostas de mellora; incluíranse na memoria final do Departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso e serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión que celebre a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, hai que sinalar que tamén se fará o seguimento a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados